

Manual do Sistema de Garantia de Qualidade da Faculdade de Química



Identificación do Centro

Centro	FACULDADE DE QUIMICA
Responsable	Jesus Sanmartín Matalobos
Enderezo	Avenida das Ciencias, s/n. 15782. Santiago de Compostela
Correo electrónico	facultade.quimica.decanato@usc.es
Teléfono	+34 881 814 265

Historial de revisións

Número	Data	Principais modificacións
00	21/12/2009	Edición inicial
01	31/05/2013	Simplificación documental: creación do Manual Simplificado do SGIC e revisión de algúns procesos e procedementos.
02	03/10/2014	Modificación dos indicadores e informes dispoñibles dentro do SGC
03	19/12/2019	Revisión e simplificación documental: supresión do Manual extenso, supresión de procesos e procedementos obsoletos.
04	06/10/2021	Actualización dos procesos institucionais. Actualización de indicadores e informes. Supresión do anexo I.
05	22/04/2024	Actualización para adaptar o Manual SGC ao <i>Regulamento das titulacións oficiais de grao e mestrado universitario e do procedemento de aseguramento da súa calidade na USC</i> (Aprobado no Consello de Goberno do 28 de outubro de 2022, Data de publicación no DOG o 22-12-2022).

Control da elaboración e aprobación

Fase	Unidade/Órgano	Data
Elaborado por	Comisión de Calidade da Facultade de Química	24/10/2023
Aprobado por	Xunta da Facultade de Química	09/11/2023
Aprobado por	Comisión de Planificación e Calidade	22/04/2024

Índice

1	A Facultade.	4
	1.1. Presentación.	4
	1.2. Organigrama.	4
	1.3. Órganos de goberno. Comisións. Departamentos implicados na docencia.	4
	1.4. Regulamentos e normas.	10
2	Alcance do Sistema de Garantía de Calidade.	11
3	Estrutura para o desenvolvemento do Sistema de Garantía de Calidade.	12
	3.1. Equipo de dirección (ED).	12
	3.2. Comisión de Calidade do Centro (CCC).	12
	3.3. Responsable de calidade do centro (RCC).	13
	3.4. Comité Consultivo.	14
	3.5. Comisións de títulos.	14
	3.6. Coordinadoras/es de títulos (CT).	16
	3.7. Coordinador/a de Calidade.	17
4	Mapa de procesos.	18
5	Indicadores e informes.	20
6	Relación entre os procesos do sistema e as directrices Fides-Audit.	21

1. A Facultade

1.1. Presentación

A Facultade de Química é o Centro da USC encargado da xestión e organización na Universidade de Santiago de Compostela dos estudos conducentes á obtención do título de Graduada/o en Química, así como aqueloutros estudos que se programen de acordo coa normativa vixente, entre eles os estudos de Grao e Pos-grao relacionados coa Química que se implanten na USC. A Facultade tamén poderá impartir ensinanzas conducentes á obtención doutros diplomas ou títulos relacionados coa Química.

Na actualidade, impártense na Facultade de Química os seguintes títulos:

Titulacións de Grao

- Grao en Química.
- Grao en Química en Inglés.
- Dobre Grao en Química e Bioloxía.
- Dobre Grao en Física e Química.

Titulacións de Máster

- Máster Interuniversitario en Investigación Química e Química Industrial.
- Máster Interuniversitario en Química Orgánica.
- Máster Interuniversitario en Química Teórica y Modelización Computacional.
- Máster Universitario en Química na Fronteira entre a Bioloxía e a Ciencia de Materiais.

Na Facultade de Química teñen a súa sede catro Departamentos da USC: Química Analítica, Nutrición e Bromatoloxía; Química Física; Química Inorgánica e Química Orgánica.

1.2. Organigrama

O equipo de dirección da Facultade de Química da USC está formado por:

- Decano/a
- Dous Vicedecanos/as
- Secretaria/o

1.3. Órganos de goberno. Comisións. Departamentos implicados na docencia.

De acordo cos Estatutos da USC, os ÓRGANOS DE GOBERNO da FACULTADE de QUÍMICA son:

- ❖ Unipersoais: **DECANA/O, VICEDECANAS/OS e SECRETARIA/O.**
- ❖ Colexiados: **XUNTA DE FACULTADE**

A Xunta de Facultade é o órgano colexiado de goberno do Centro, aproba as liñas xerais de actuación no ámbito da Facultade e supervisa a labor dos seus órganos de dirección e xestión.

A Xunta de Facultade estará composta por:

- A/o Decana/o, que a convocará e presidirá.
- As/os Vicedecanas/os.
- A/o Secretaria/o, que o será tamén da Xunta.
- O/a responsable da unidade de apoio á xestión de Centros e Departamentos.
- O/a director/a da Biblioteca do Centro.
- O seguinte persoal docente e investigador e persoal investigador en formación con docencia no Centro e censado nel, así como o non censado que teña neste un encargo docente igual ou superior ó 35 % da capacidade docente dun profesor a tempo completo:
 - Todo o profesorado con vinculación permanente á Universidade, que representará o 51 %.
 - O resto, sempre que non exceda o 10 % do total da Xunta.
- Unha representación do estudiantado do 32 %.
- Unha representación do persoal de administración e servizos censado no Centro, nunha proporción do 7 % do total da Xunta, cun mínimo de dous.

O Regulamento de Réxime Interno da Facultade de Química determina que o sector de PDI a tempo parcial e persoal contratado con cargo a proxectos e actividades de investigación represente ata un 5%; o sector de estudiantado do Grado un 25% do total da Xunta e o sector do estudiantado de máster e doutoramento un 7%.

Son competencias da Xunta de Facultade:

- A elección da/o Decana/o e, de ser o caso, a súa remoción mediante unha moción de censura construtiva que, en todo caso, deberá ser aprobada pola maioría absoluta dos membros da Xunta de Facultade.
- A elaboración e a aprobación do Regulamento de Réxime Interno.
- A supervisión da xestión dos restantes órganos de goberno e de administración do Centro.
- A elaboración e a aprobación dos proxectos de plans de estudos das titulacións adscritas ao Centro, consonte á lexislación vixente e ás normas xerais emanadas do Claustro Universitario.

- A aprobación das liñas xerais da política académica do Centro e, entre elas, a proposta e implantación de novas titulacións oficiais, a creación de escolas de especialización profesional dependentes do Centro e a organización das ensinanzas conducentes á obtención de outros diplomas e títulos.
- A organización dos servizos docentes para a obtención dos títulos académicos do seu ámbito, así como a coordinación e a supervisión da actividade docente do profesorado con docencia no Centro, e igualmente a supervisión do seu cumprimento.
- A programación dos espazos, servizos e equipamentos do Centro e a supervisión da súa xestión.
- A distribución das asignacións orzamentarias concedidas ao Centro e o control da súa aplicación.
- O informe verbo das propostas de creación, modificación ou supresión de departamentos relacionados co Centro pola súa docencia e investigación.
- A organización de actividades de formación permanente e de extensión.
- A manifestación da súa opinión sobre calquera asunto relacionado co Centro ou coas súas actividades.
- Calquera outra competencia que lle atribúan os estatutos da USC ou lle encomende un órgano competente ou a lexislación vixente.

A Xunta de Facultade poderá crear Comisións para todos os asuntos que considere pertinentes e cando proceda, suprimilas. A composición de cada comisión e as súas competencias estableceranse por seu Regulamento de Réxime Interno ou ben polo pleno da Xunta de Facultade. En todos os casos consideraranse constituídas cando concorran as mesmas circunstancias que se indican no Artigo 12 do seu Regulamento de Réxime Interno, e tomarán as súas decisións por maioría.

Na actualidade, a Facultade de Química, conta coas seguintes comisións establecidas polo Regulamento de Réxime Interno, convenios interuniversitarios ou creadas pola Xunta de Facultade:

- Comisións académicas das titulacións con docencia adscrita á Facultade:
 - Comisión de Grao.
 - Comisión Interuniversitaria do Máster Universitario en Investigación Química e Química Industrial.
 - Comisión Local do Máster Universitario en Investigación Química e Química Industrial.

- Comisión de Título do Máster Universitario en Química Orgánica.
 - Comisión Interuniversitaria de coordinación do Máster Universitario en Química Orgánica.
 - Comisión Local do Máster Universitario en Química Teórica e Modelización Computacional.
 - Comisión do Máster Universitario en Química na Fronteira entre a Bioloxía e a Ciencia de Materiais.
- Comisión Permanente
 - Comisión de Biblioteca
 - Comisión de Economía e Infraestruturas
 - Comisión de Normalización Lingüística
 - Comisión de Xénero
 - Comisión de Calidade de Centro
 - Comisión de Traballo de Fin de Grao.

A continuación, cando procede, indicamos a composición e funcións de ditas comisións.

➤ **Comisións académicas das titulacións con docencia adscrita á Facultade.**

A composición e funcións das comisións académicas se detallan no apartado 3 do presente manual.

➤ **Comisión Permanente**

Estará composta pola/o Decana/o, que a presidirá, as/os Vicedecanas/os e a/o Secretaria/o, que tamén o será desta, e 20 membros en representación proporcional de cada un dos sectores integrantes da Xunta de Facultade, que serán elixidos polos membros de cada un destes sectores.

Entre as súas competencias inclúense:

- Coñecer e decidir sobre asuntos económicos e asuntos de trámite, así como sobre asuntos que lle sexan delegados pola Xunta de Facultade.
- Informar sobre asuntos que lle sexan presentados polas outras Comisións do Centro, previamente á súa consideración pola Xunta de Facultade.
- Coñecer e decidir sobre as cuestións que lle sexan sometidas pola/o decana/o da Facultade no exercicio das súas funcións.
- A/o Decana/o informará á Xunta de Facultade de tódalas actuacións da Comisión Permanente, agás as decisións sobre asuntos de trámite.

➤ **Comisión de Biblioteca**

Terá a composición que determine o Regulamento da Biblioteca Universitaria da USC.

As súas funcións veñen determinadas polo Regulamento da Biblioteca Universitaria e os Estatutos da USC.

➤ **Comisión de Economía e Infraestruturas**

Estará formada por:

- A/o Decana/o, ou persoa en quen delegue, que actuará como presidente.
- As/os Vicedecanas/os.
- A/o Secretaria/o.
- Un representante do profesorado por cada unha das áreas de coñecemento de Química (Química Analítica, Química Física, Química Inorgánica e Química Orgánica).
- Un representante do alumnado.
- Un representante do PAS.

Entre as súas funcións específicas inclúense:

- Informar o proxecto de orzamento elaborado polo equipo decanal antes do seu debate no Pleno da Xunta de Facultade.
- Propor a distribución das partidas de equipamento docente do Centro e de comunicacións.
- Propor a dotación de medios para o correcto funcionamento das funcións que ten asignadas a Facultade: docencia, investigación, administración e servizos.
- Facer o seguimento do estado do edificio da Facultade, realizar propostas conducentes á súa mellora.
- Propor a programación dos espazos, servizos e equipamentos da Facultade e a supervisión da súa xestión.

➤ **Comisión de Normalización Lingüística**

Terá a composición que determine o Regulamento de Normalización Lingüística da USC.

A súa función será desenvolver accións e promover actividades tendentes a favorecer o uso do galego no ámbito da Facultade.

➤ **Comisión de Xénero**

Estará integrada por:

- A/o Decana/o, ou membro do equipo decanal en quen delegue, que a preside e a convoca.

- 4 representantes do profesorado con vinculación permanente.
- 1 representante do resto do profesorado (incluíndo persoal investigador en formación e PDI a tempo parcial) con docencia no Centro.
- 2 representantes do alumnado.
- 1 representante do persoal de administración e servizos.

As súas funcións son as seguintes:

- Impulsar e velar polo cumprimento do Plan Estratéxico de Igualdade de Oportunidades entre Homes e Mulleres da USC.
- Integrar a perspectiva de xénero en todos os ámbitos da Facultade de Química.
- Analizar a situación da Facultade e propor protocolos e medidas de mellora.
- Fomentar actividades orientadas á sensibilización sobre temas de igualdade de xénero.

➤ **Comisión de Calidade**

A composición e funcións da comisión de calidade se detallan no apartado 3 do presente Manual.

➤ **Comisión de Traballo de Fin de Grao.**

A Comisión de Traballo de Fin de Grao foi creada por acordo da Xunta de Facultade de 16 de xuño de 2014 e está integrada por:

- A/o Decana/o, ou membro do equipo decanal en quen delegue, que a preside e a convoca.
- A/o Secretaria/o, que o será tamén da comisión.
- 4 representantes do profesorado con vinculación permanente.

As funcións da Comisión de Traballo de Fin de Grao son as seguintes:

- Propoñer anualmente a guía docente na que se determinen as diferentes formas de desenvolvemento, exposición e criterios de avaliación para o curso académico de que se trate.
- Establecer a convocatoria anual.
- Determinar os sistemas de titorización.
- Aprobar a proposta das liñas temáticas, dos temas e a súa asignación.
- Instrumentar e publicar un procedemento para a asignación dos titores/as e os temas que poderán desenvolverse na elaboración do Traballo.
- Decidir sobre a modificación de temas e/ou titor ou titora asignado.
- Aprobar os tribunais de avaliación.
- Autorizar a presentación dos Traballos en casos excepcionais.
- Establecer as datas de presentación dos Traballos.

- Resolver as incidencias graves relativas a esta materia.
- Calquera outra que a Xunta de Centro lle encomende.

Os Departamentos da USC con maior encargo docente na Facultade de Química son os seguintes:

- ❖ Departamento de Química Analítica, Nutrición e Bromatoloxía
- ❖ Departamento de Química Física
- ❖ Departamento de Química Inorgánica
- ❖ Departamento de Química Orgánica
- ❖ Departamento de Bioquímica e Bioloxía Molecular
- ❖ Departamento de Física de Partículas
- ❖ Departamento de Matemática Aplicada
- ❖ Departamento de Enxeñería Química

1.4. Regulamentos e normas

Normativa propia da Facultade de Química:

- [Regulamento de Réxime Interno](#) (Consello de Goberno do 29/07/2016)
- [Regulamento do Traballo de Fin de Grao](#) (Consello de Goberno do 29/07/2015)

2. Alcance do Sistema de Garantía de Calidade

O Sistema de Garantía de Calidade da Facultade alcanza a todas as titulacións oficiais impartidas nela e das que é responsable, tanto de Grao como de Mestrado universitario. Así mesmo, alcanza a todas as persoas (alumnado, persoal docente e de apoio) vinculadas a el.

En conxunto, o SGC da Facultade contempla o deseño da oferta formativa, a avaliación e revisión do seu desenvolvemento, así como a toma de decisións para a mellora continua. Así mesmo, recolle a planificación dos obxectivos a acadar, de acordo coa estratexia da Universidade e da propia Facultade e a revisión periódica do funcionamento do sistema, en orde a garantir a súa utilidade para todos os grupos de interese.




Figura 1. Ciclo da garantía da Calidade (fonte: Área de Calidade da USC).

3. Estrutura para o desenvolvemento do Sistema de Garantía de Calidade.

3.1. Equipo de dirección (ED)

O equipo de dirección do Centro, e en particular o seu Decano/a como principal responsable, actúa como corresponde á dirección de calquera organización comprometida co desenvolvemento, establecemento, revisión e mellora dun sistema de xestión da calidade.

Respecto ao SGC, as funcións principais son as seguintes:

- Definir a planificación estratéxica do Centro, concretada a través do plan estratéxico (PE) e a memoria de calidade do centro (MCC).
- Comprometerse coa política e obxectivos de calidade do Centro, dándolles a difusión oportuna entre os grupos de interese.
- Liderar o desenvolvemento, a implantación, revisión e mellora do SGC do Centro.
- Nomear ao responsable de calidade do Centro, sempre que a/o decana/o non asuma as competencias.
- Nomear ao/a coordinador/a de TFG, sempre que a/o decana/o non asuma as competencias.
- Propoñer á Xunta de Facultade para a súa aprobación a composición da Comisión de Calidade do Centro e, no seu caso, as das Comisións de Título no marco das normas que determinan a súa composición.
- Garantir o bo funcionamento do SGC do Centro.
- Informar a todas as persoas do Centro do SGC e dos cambios que nel se realicen.
- Garantir que todas as persoas do Centro teñan acceso aos documentos do SGC que lles sexan de aplicación.
- Informar á Xunta de Facultade dos traballos e acordos da Comisión de Calidade do Centro.
- Presentar á Xunta de Facultade, para a súa aprobación, a memoria de calidade do Centro (MCC).

3.2. Comisión de Calidade do Centro (CCC)

A Comisión de Calidade do Centro (CCC) é un órgano que participa nas tarefas de planificación, desenvolvemento e seguimento do SGC do Centro, actuando ademais como medio de difusión interna do sistema e dos seus logros.

Serán membros da CCC, cando menos:

- Decana/o (presidenta/e).

- Responsable de calidade do Centro (RCC).
- Coordinador/a de calidade.
- Coordinadores/as das titulación/s do Centro.
- 1 membro do persoal de apoio (preferiblemente será o responsable da Unidade de Xestión de Centro e Departamento ou persoa que designe a/o decana/o).
- 1 alumno/a como mínimo, preferiblemente alumno/a-titor/a ou representante do estudantado.
- Ademais, tal e como recolle o RRI da Facultade, un representante do profesorado por cada unha das áreas de coñecemento de Química (Q. Analítica, Q. Física, Q. Inorgánica, Q. Orgánica e Adscrita).

Ademais a/o Decana/o do Centro, cando o considere oportuno, poderá propoñer outros membros á Xunta de Centro para o bo funcionamento do SGC, mesmo con voz e sen voto.

A CCC reunirase coa periodicidade marcada na súa planificación, cando menos unha vez en cada semestre, e levantará acta de cada unha das sesións, facendo públicas as decisións tomadas a través da publicación dos acordos adoptados.

As funcións principais da CCC son as seguintes:

- Realizar o deseño, a implantación, o seguimento e mellora do SGC no Centro.
- Elaborar a Memoria de Calidade do Centro (MCC).
- Fomentar a realización e o seguimento periódico do plan de melloras anual do Centro.
- Estimular a participación de todos os colectivos implicados na avaliación e mellora da calidade das titulacións que se imparten no Centro.
- Realizar o seguimento dos resultados do Centro.
- Propoñer ao equipo de dirección a información que debe ser pública.
- Informar favorablemente, ou propoñer modificacións se é o caso, dos informes de resultados ou seguimento/acreditación elaborados polas comisións de título.

3.3. Responsable de calidade do centro (RCC)

A/o Decana/o asume persoalmente as funcións relacionadas a continuación ou ben poderá nomear a un/a responsable de calidade do centro (RCC) entre os membros do equipo de dirección.

Con independencia doutras funcións que se lle asignen no momento do seu nomeamento, as funcións básicas do/a RCC poden concretarse en:

- Coordinar o funcionamento da CCC.
- Trasladar á CCC e á/s Comisión/s de Título/s a información sobre resultados de aprendizaxe, inserción laboral, satisfacción dos grupos de interese, así como de calquera outra relacionada con resultados que poida afectar á calidade da formación.
- Realizar propostas á CCC para mellorar o SGC do Centro.
- Ser o/a interlocutor/a coa Área de Calidade e Mellora dos Procedementos.
- Atender as indicacións e requirimentos dados pola vicerreitoría con competencias en calidade para implantar os axustes e melloras do SGC nos Centros aprobados pola Comisión delegada do Consello de Goberno con competencias en calidade e planificación.
- Dirixir a elaboración da Memoria de Calidade do Centro.

3.4. Comité Consultivo

O Comité Consultivo da Facultade de Química, creado por acordo da Xunta de Facultade do 30 de Outubro de 2014, axuda ao Centro a conseguir os seguintes obxectivos:

- Debater as tendencias e cambios sociais de interese para a actividade docente e investigadora do Centro.
- Canalizar á sociedade información sobre o Centro e facer que teña máis proxección na súa contorna.
- Prestar asesoramento na elaboración e implantación do Plan Estratégico do Centro.

A participación do membros do Comité Consultivo ten carácter voluntario e non é remunerada, e as súas achegas non son vinculantes. A composición e vinculación dos membros do Comité Consultivo está dispoñible na páxina web da Facultade.

O Comité Consultivo reúnese, como mínimo, unha vez ao ano e deixa constancia das súas reunións mediante actas. Co obxecto de facilitar a recollida de información, para as consultas necesarias articuláronse mecanismos alternativos que permiten participar aos seus membros (solicitude de informes, enquisas, etc).

3.5. Comisión/s de Título/s

Na Facultade de Química existen diferentes comisións de títulos para o grao e os mestrados, de acordo ós estatutos da USC. Os mestrados interuniversitarios acreditados na USC teñen ademais comisións interuniversitarias, onde están representadas as Universidades que comparten os títulos.

Comisións de Título

- Comisión de Grao.
- Comisión Local do Máster Universitario en Investigación Química e Química Industrial.
- Comisión de Título do Máster Universitario en Química Orgánica.
- Comisión Local do Máster Universitario en Química Teórica e Modelización Computacional.
- Comisión do Máster Universitario en Química na Fronteira entre a Bioloxía e a Ciencia de Materiais.
- Comisión Interuniversitaria do Máster Universitario en Investigación Química e Química Industrial.
- Comisión Interuniversitaria de coordinación do Máster Universitario en Química Orgánica.

Membros das Comisións de Título

A Comisión do Título estará composta por:

- Un/unha presidente/a, que será o/a responsable do centro ou persoa en quen delegue.
- O/a coordinador/a do título.
- O/a responsable de calidade do centro.
- Unha representación de membros de PDI do título, tendo en conta a encarga lectiva das áreas de coñecemento, que será elixida segundo determine o Regulamento de réxime interno do centro. No caso de que o centro non conte con Regulamento de réxime interno ou o regulamento non prevexa o procedemento de elección, este determinarase mediante acordo específico da xunta de centro. Nesta representación estarán incluídos, no caso de existiren estas figuras, os/as coordinadores/as de curso, bloque ou módulo.
- O/a responsable da unidade de apoio á xestión de centro e departamentos do centro responsable do título.
- Un mínimo de dous/dúas estudantes do título.
- Outros membros específicos recollidos no Regulamento de réxime interno do centro.

A Comisión de Título terá un/unha secretario/a elixido/a entre os seus membros, que será responsable da redacción das actas cos acordos alcanzados.

Poderán participar como invitados/as, con voz pero sen voto, representantes doutros grupos de interese cuxa opinión considere relevante a Comisión.

De conformidade co recollido no III Plan estratéxico de igualdade de oportunidades entre mulleres e homes da USC, relativo ás medidas que se deben adoptar para lograr a paridade en todos os órganos de goberno e representación, as comisións de título deberán ter unha composición equilibrada de mulleres e homes.

Membros das Comisións de Títulos Interuniversitarios acreditados na USC.

A composición actual da Comisión Interuniversitaria do Máster Universitario en Investigación Química e Química Industrial ten os representantes da USC establecidos por Resolución Reitoral. A composición actual da Comisión Interuniversitaria de Coordinación do Máster Universitario en Química Orgánica ten os representantes da USC establecidos por Resolución Reitoral.

Todas as Comisións de Título velarán polo funcionamento ordinario do Título, terán as funcións que estableza o regulamento de titulacións oficiais de Grao e Mestrado vixente en cada momento, así como outras que podan contemplarse no Regulamento de Réxime Interno dos centros ou noutras normativas.

En relación co Sistema de Garantía de Calidade, entre as súas funcións cabe destacar as seguintes:

- Analizar a información proporcionada polo/a Coordinador/a do Título e o/a RCC para levar a cabo o seguimento do título.
- Realizar o seguimento periódico do título e elaborar os informes correspondentes.
- Realizar as propostas de mellora, derivadas dese seguimento, para o seu traslado á CCC e a súa incorporación, de ser o caso, ao plan de melloras do centro.
- Elevar proposta, de ser o caso, de modificación ou supresión do título, se así se deriva do seu seguimento periódico.

3.6. Coordinador/a de Título (CT)

Os/As Coordinadores/as de título serán os responsables do Título de Grao ou Mestrado, e serán nomeados/as polo/a reitor/a da USC.

Ostentarán as funcións que estableza o regulamento de titulacións oficiais de grao e mestrado vixente, así como as seguintes funcións, entre outras, en relación co SGC:

- Velar para que os procesos relativos á titulación sexan realizados segundo as directrices establecidas polo SGC.
- Presentar á Comisión de Calidade do Centro o informe de seguimento/acreditación ou de resultados de acordo co proceso *PC-05 Análise de resultados e mellora dos programas*, informándoa das actuacións da comisión de título: seguimento do título, valoración da súa eficacia e proposta de accións de mellora.
- Recompilar, xunto co RCC, todos os datos necesarios para que a comisión de título poida realizar as diferentes análises de resultados do título, establecer accións de mellora ou propostas de modificación ou supresión do título.

- Velar pola implantación das melloras da titulación aprobadas que sexan da súa competencia e impulsar a implantación daquelas outras que correspondan a outras instancias.

3.7. Coordinador/a de Calidade

É a persoa nomeada pola Decana/o do Centro entre o PDI que non sexa membro do equipo de dirección para a realización de funcións de apoio ao Responsable de Calidade do Centro. A Facultade de Química, na actualidade, ten una coordinadora de calidade nomeada con data 27/04/2022-polo Decano.

4. Mapa de procesos

O SGC concrétase en 12 procesos institucionais a través dos que a universidade asegura a calidade da súa oferta académica, a dispoñibilidade dos recursos humanos e materiais necesarios e o enfoque á mellora continua.

A nivel de Facultade concrétase en 13 procesos, cuxo desenvolvemento figura no manual de procesos do sistema.

Nivel institucional

Procesos institucionais

- PI-01 Planificación Institucional da Mellora da Calidade
- PI-02 Obtención e mantemento da acreditación institucional de centros
- PI-03 Establecemento e actualización da oferta académica
- PI-04 Xestión dos recursos humanos
- PI-05 Xestión dos recursos materiais e servizos
- PI-06 Organización e procedementos administrativos
- PI-05 Xestión documental
- PI-07 Medición e mellora dos programas de estudo e dos centros
- PI-08 Análise das expectativas e a satisfacción dos grupos de interese
- PI-09 Xestión de incidencias (SQR)
- PI-10 Auditoría Interna
- PI-11 Revisión pola dirección do sistema de garantía de calidade
- PI-12 Xestión documental

Nivel de centro

Procesos estratéxicos

Planificación

PE-01 Planificación estratéxica

PE-02 Revisión e mellora

Procesos clave

Organización e desenvolvemento dos programas

PC-01 Análise do perfil de ingreso e captación

PC-02 Planificación das ensinanzas

PC-03 Apoio a estudantes

PC-04 Desenvolvemento das ensinanzas

PC-05 Análise de resultados e mellora dos programas

Procesos de soporte

Xestión dos recursos

PS-01 Xestión dos recursos humanos

PS-02 Xestión dos recursos materiais e servizos

Xestión de apoio ao sistema

PS-03 Xestión documental

PS-04 Satisfacción, expectativas e necesidades


PS-05 Xestión das incidencias (SQR)

Información pública e transparencia

PS-06 Información pública

O seguinte gráfico recolle o mapa de procesos integrados no SGC e as súas relacións:

MAPA DE PROCESOS



5. Indicadores e informes

A Área de Calidade e Mellora dos Procedementos (ACMP) será a responsable de proporcionar os indicadores e informes establecidos no proceso institucional *PI-07 Medición e mellora dos programas de estudo e dos centros*.

Desde a ACMP definiranse anualmente os indicadores e informes a empregar. A lista de indicadores e informes será remitida aos centros e estará dispoñible na páxina web, no apartado de [indicadores](#).

A Facultade de Química elabora informes complementarios sobre o desenvolvemento da docencia do grao (proceso *PS-04*) e actividades relativas aos títulos de dobre itinerario (procesos *PE-02, PC-01, PC03, PC-05 e PS-04*). Os informes estarán dispoñibles na páxina web, no apartado de [enquisas de satisfacción](#).

6. Relación entre os procesos do sistema e as directrices Fides-Audit

A continuación recóllense as relacións entre os procesos establecidos no sistema e as directrices Fides-Audit sobre deseño de sistemas de garantía de calidade.

Procesos do sistema		Directrices Fides-Audit					
		Política e obxectivos de calidade	Deseño revisión periódica e mellora dos programas formativos	Garantía da aprendizaxe, ensinanza e avaliación centrados no estudante	Garantía e mellora da calidade dos recursos humanos	Garantía e mellora da calidade dos recursos materiais e servizos	Información pública
Procesos institucionais	PI-01 Planificación Institucional da mellora da calidade	X					X
	PI-02 Acreditación institucional dos centros	X	X				X
	PI-03 Oferta académica		X	X	X	X	X
	PI-04 Xestión dos recursos humanos				X		X
	PI-05 Xestión dos recursos materiais					X	X
	PI-06 Organización administrativa			X	X	X	
	PI-07 Medición e mellora de programas e centros	X	X	X	X	X	X
	PI-08 Análise de expectativas e satisfacción	X	X	X	X	X	X
	PI-09 Xestión de incidencias (SQR)		X	X	X	X	X
	PI-10 Auditoría interna	X	X	X	X	X	X
	PI-11 Revisión pola dirección do SGC	X		X			
	PI-12 Xestión documental						X
Procesos de centro	PE-01 Planificación estratéxica	X	X	X	X	X	X
	PE-02 Revisión e mellora	X	X	X	X	X	X
	PC-01 Análise do perfil de ingreso e captación		X	X			X
	PC-02 Planificación das ensinanzas		X	X	X	X	X

PC-03 Apoio a estudantes		X	X			X
PC-04 Desenvolvemento das ensinanzas		X	X	X	X	X
PC-05 Análise de resultados e mellora dos programas		X	X	X	X	X
PS-01 Xestión dos recursos humanos				X		X
PS-02 Xestión dos recursos materiais e servizos					X	X
PS-03 Xestión documental						X
PS-04 Satisfacción, expectativas e necesidades	X	X	X	X	X	X
PS-05 Xestión das incidencias (SQR)		X	X	X	X	X
PS-06 Información pública	X	X	X	X	X	X